

## Ruta pola Costa do Solpor tras as pegadas dun crego, un náufrago e un fidalgo

**09.10.2015** O escritor Xosé M<sup>a</sup> Lema guiará o día 17 a primeira excursión polos escenarios da súa novela // Aínda hai prazas dispoñibles

JOSÉ M. RAMOS VIMIANZO

Medio cento de persoas seguirán o 17 de outubro as pegadas dun náufrago desmemoriado, un crego sabio e revolucionario, e un fidalgo reformista que viviron, -ou non-, mediado o século XVIII e que dan vida á novela *Costa do Solpor*, obra do profesor, escritor e historiador vimiancés Xosé María Lema. Faran seguindo unha ruta turístico-literaria guiada polo propio autor, e promovida polo Seminario de Estudos Comarcais da Costa da Morte, en colaboración coa Asociación de Escritores en Lingua Galega. Percorrerá os escenarios naturais da Costa da Morte nos que está ambientada a novela, e o poeta fisterrán Alexandre Nerium complementará a cita cun recital poético.